

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2023/G005/000002.

Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión ORDINARIA da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércores, día 18 de xaneiro de 2023, ás 10.00 horas**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA

ACTAS

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS DO 7, 14, 21, 28 E A EXTRAORDINARIA DO 30 DE DECEMBRO DE 2022.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

LICENZAS URBANÍSTICAS

2. LICENZA URBANÍSTICA PARA A INSTALACIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO DE VIVENDAS SITO NA AVENIDA DA CORUÑA, NÚMERO 115 (Exp. 2022/Y001/000100).

3. LICENZA URBANÍSTICA PARA LEGALIZACIÓN DE REFORMAS, MODIFICACIÓN DE INSTALACIÓNS EN NAVES CON LICENZAS ANTERIORES NÚMEROS 98/91, 742/96, 417/90, 727/96, 8/92, 80/93, 431/93 e 525/03, E AGRUPACIÓN DAS PARCELAS 51-52-53-54, PARA A FABRICACIÓN DE COMIDA PREPARADA, NA RÚA DA AGRICULTURA, NÚMEROS 51, 52, 53 E 54 (Exp. 2022/Y001/000303).

4. LICENZA URBANÍSTICA PARA MODIFICACIÓN DA LICENZA URBANÍSTICA CON NÚMERO DE REFERENCIA 2020/Y001/000348, CONSISTENTES AS MODIFICACIÓNS EN VARIACIÓNS INTERIORES REALIZADAS NAS VIVENDAS, E A INSTALACIÓN DUN ASCENSOR DE EMERXENCIA, NA EDIFICACIÓN SITA NA UNIDADE DE ACTUACIÓN CS-6, PARCELA 4.1, BLOQUE I (Exp. 2022/Y001/000097).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

PERSOAL

5. INFORME PROPOSTA DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN

PRESENTADO POR MANUEL CERDEIRA CANTEIRO, EN CALIDADE DE PRESIDENTE DA XUNTA DE PERSOAL, CONTRA O DECRETO NÚMERO 10372/2022 DITADO POLA ILMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, TTA. DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, POLO QUE SE PROCEDE A ADSCRIBIR A DON GILBERTO BARREIRO LÓPEZ AO SERVIZO DE FACENDA LOCAL NO POSTO DE TÉCNICO/A MEDIO, CÓDIGO 65/141 DA RPT.

6. INFORME PROPOSTA DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR MANUEL CERDEIRA CANTEIRO, EN CALIDADE DE PRESIDENTE DA XUNTA DE PERSOAL, CONTRA O DECRETO NÚMERO 10387/2022 DITADO POLA ILMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, TTA. DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, POLO QUE SE PROCEDE A ADSCRIBIR A DONA MARÍA JOSÉ PÉREZ ENRIQUEZ AO SERVIZO DE LICENZAS NO POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A, CÓDIGO 22/32/2 DA RPT.

7. INFORME PROPOSTA DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR MANUEL CERDEIRA CANTEIRO, EN CALIDADE DE PRESIDENTE DA XUNTA DE PERSOAL, CONTRA O DECRETO NÚMERO 10371/2022 DITADO POLA ILMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, TTA. DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, POLO QUE SE PROCEDE A ADSCRIBIR A DONA MARUXA CALDERÓN PALLÍN AO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL NO POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A, CÓDIGO 4101/32/4 DA RPT.

8. INFORME PROPOSTA DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR MANUEL CERDEIRA CANTEIRO, EN CALIDADE DE PRESIDENTE DA XUNTA DE PERSOAL, CONTRA O DECRETO NÚMERO 10766/2022 DITADO POLA ILMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, TTA. DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, POLO QUE SE PROCEDE A ADSCRIBIR A DONA TAMARA GRAÑA LAMAZARES AO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL NO POSTO DE TÉCNICO/A MEDIO, CÓDIGO 67/141 DA RPT.

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

9. CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE MANTEMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO DE AUTOESCALEIRAS DO SPEIS DO CONCELLO DE LUGO. EXP. 2022/C003/000030. ADXUDICACIÓN.

10. CONTRATACIÓN DE PATROCINIO PUBLICITARIO ENTRE RACING WOLF SPORT S.L. E O CONCELLO DE LUGO POLA PARTICIPACIÓN NA PROBA

AUTOMOBILÍSTICA 'DAKAR'. APROBACIÓN DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. EXP. REF. 2022/C005/000027.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

DEPORTES

11. CONVALIDACIÓN DO GASTO (POR OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA) RELATIVO Á FACTURA TRAMITADA POLA FEDERACIÓN GALEGA DE FUTBOL CON MOTIVO DA ORGANIZACIÓN DA FASE FINAL DA COPA DO REI XUVENIL CELEBRADA NO ESTADIO MUNICIPAL DO ANXO CARRO OS DÍAS COMPRENDIDOS ENTRE O 13 E O 16 DE ABRIL DE 2022.

12. CONVALIDACIÓN DO GASTO (POR OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA) RELATIVO Á FACTURA TRAMITADA POLA REALIZACIÓN DO EVENTO PRETORIAN RACE-LUGO 2022, OS DÍAS 13 A 15 DE MAIO NAS INMEDIACIÓN DO RÍO MIÑO.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á Vicesecretaría, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta, dona Lara Méndez López.